

PLAN DE ADAPTACIÓN COVID 19



Código de Centro: 36017031

ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

1.	Datos do centro	
Código	Denominación	
36017031	CEEPR Aceesca	
Enderezo		C.P.
Torneiros – Ribeira (Pol. III, 24 A-B)		36410
Localidade	Concello	Provincia
Torneiros	O Porriño	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
986 332 672	ceep.pr.aceesca@edu.xunta.es / direccion.educacion@aceesca.com	
Páxina web.		
www.aceesca.com		

Índice

Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual	4
Medidas de limpeza	5
Material de protección	5
Xestión dos abrochos	5
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	6
Medidas de carácter organizativo	6
Medidas en relación coas familias e ANPA	6
Medidas para o alumnado transportado	7
Medidas de uso do comedor	7
Medidas específicas para o uso doutros espazos	7
Medidas especiais para os recreos	8
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	8
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	8
Medidas específicas para alumnado de NEE	9
Previsións específicas para o profesorado	9
Medidas de carácter formativo e pedagógico	9

Id.	Medidas de prevención básica
------------	-------------------------------------

2.	Membros do equipo COVID
-----------	--------------------------------

Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)		630774972	
Membro 1	María José Santos Comesaña	Cargo	Directora
Substituta Membro 1	Paula Pampillón Seijo	Cargo	Mestra
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinadora Covid. • Nomear aos demais membros do equipo • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Comunicación á Comunidade Educativa das actualizacións de actuación relacionadas coa pandemia. • Xestión das peticións, en caso de vulnerabilidade. • Supervisión diaria das medidas organizativas do plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021. 		
Membro 2	Noa Villar Moreira	Cargo	Xefa de estudos
Substituta Membro 1	David Aguado Mora	Cargo	Mestre
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Supervisión diaria e propostas de mellora das medidas organizativas do plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021 • Rexistro material de protección 		
Membro 3	Tamara Villar Moreira	Cargo	Mestra
Substituta Membro 1	Miguel Ángel Rodríguez Ramos	Cargo	Mestre
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Supervisión diaria das medidas de limpeza e supervisión do uso das medidas de protección individual e cartelería establecidas no plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020-2021 		

3.	Centro de saúde de referencia
-----------	--------------------------------------

Centro	Centro Saúde Porriño	Teléfono	986338869
Contacto	FRANCISCO JAVIER GARCÍA SOIDÁN	Teléfono	986 337320

4.	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
-----------	--

Este espazo sitúase no módulo de recepción de Aceesca, é unha aula de 25 m2 e unha fiestra, tamén dispón de dúas portas de entrada/saída. A aula atópase baleira, excepto por unha estantería na que se

sitúan os produtos de limpeza necesarios, cadeiras e unha papeleira con tapa para desbotar os panos



usados.

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
Aula 1		3
Aula 2		4
Aula 3		4
Aula 4		4
Aula 5		3
Aula 6		3
Aula 7		4
Aula 8		5
TOTAL		31

6.	Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)	
Mestres		10
Logopeda		1
Fisioterapeutas		2
Terapeuta ocupacional		1
Psicólogo		1
Persoal non docente		5

7.	Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)	
----	---	--

Etapa	Educación Especial		Nivel	Grupo
Aula	1	Nº de alumnado asignado	3	Nº de profesorado asignado
				1

Etapa	Educación Especial		Nivel	Grupo
Aula	2	Nº de alumnado asignado	4	Nº de profesorado asignado
				1

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	3	Nº de alumnado asignado	4	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	4	Nº de alumnado asignado	4	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	5	Nº de alumnado asignado	3	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	6	Nº de alumnado asignado	3	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	7	Nº de alumnado asignado	4	Nº de profesorado asignado		1	

Etapa	Educación Especial			Nivel		Grupo	
Aula	8	Nº de alumnado asignado	5	Nº de profesorado asignado		1	

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de máscara dende o domicilio en óptimas condicións de hixiene sempre que sexa posible, xa que algún alumnado non pode usar máscara. É obrigatorio traer a máscara de reposto (si a utiliza). - Distancia de seguridade sempre que sexa posible, xa que o alumnado co que traballamos require contacto físico. - Habilitación nas aulas de recunchos de traballo. Restringido o uso de espazos comúns para actividades (biblioteca, aula de música, apartamento para traballo de AVD, sala de informática, aula TIC 's, ximnasio). As actividades que ata agora se levaban a cabo neses espazos faranse nas aulas. - Habilitación nas aulas de espazo de comedor. - Utilización de material individual e desinfección do mesmo despois de cada uso. - Ventilación da aula. Ter a fiestra aberta sempre que a climatoloxía o permita. - Cada grupo terá un baño de referencia para o seu uso. Desinfección do baño despois de cada uso. - Instalación de taquillas individuais en cada aula para gardar a súa roupa de abrigo ou obxectos persoais. - Marcado de itinerarios con sinalética. - Traballo diario co alumnado de normas de hixiene e hábitos de saúde relacionados co COVID 19. - Os profesionais de habilitación funcional e social irán a buscar ó alumnado a aula de referencia e o rematar a sesión acompañarano de volta á aula. Desinfectando en cada intervención o espazo e o material utilizado. - Zonas preestablecidas para o recreo e horario escalonado, sendo os tempos de descanso de 10 min. Poderase facer o recreo na aula. - Todas as aulas dispoñen de xel para desinfección de mans, papel de mans, líquido desinfectante para mobiliario, pomos e materiais e a entrada de cada módulo está colocada unha alfombra para desinfectar o calzado. - Enquisa de autoevaluación de sintomatoloxía diaria. 	

9.	Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)
-----------	---

Profesorado: teléfono privado 630774972 (chamada/whatsapp), teléfono do centro (986332672), email (direccion.educacion@aceesca.com)
Familias/Alumnado: teléfono privado 630774972 (chamada/whatsapp), teléfono móbil centro educativo (658 81 87 71), teléfono do centro (986332672)

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

Profesorado: Aplicación + Integra no rexistro de incidencias.
Alumnado: Rexistro asistencia especial COVID 19

11. Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

Aviso á Persoa coordinadora COVID e a continuación e por orde:

- Comunicación coa familia
- Chamar ao centro de saúde de referencia de Atención primaria 986 367320 ou ao teléfono de referencia do SERGAS : 900 400 116
- En caso de urxencia, chamar ao 061
- Referenciarase dito caso na canle informática establecida para tal efecto e contactárase coa Xefatura Territorial de Sanidade

Id. Medidas xerais de protección individual

12. Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

Descrición das aulas

No módulo do centro educativo atópanse cinco aulas, dous aseos e unha sala de hixiene persoal. Noutros espazos da asociación atopamos outras dúas aulas, cada unha delas cun espazo de aseo asignado. A continuación describimos a situación en cada unha delas:

- **Aula 1.**

Este espazo dispón de aproximadamente 50 m², dúas fiestras, unha porta de entrada e outra de comunicación coa aula contigua, ademais dentro da aula existe un lavabo de mans.


Neste espazo traballarán un titor, un auxiliar (compartido coa aula 2) e tres alumnos. Esta aula conforma un grupo estable xunto coa aula 2.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans no lavabo e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunta á porta de entrada e unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, e existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpezaas pertinentes.

Na aula atopamos unha zona de traballo cognitivo onde hai dúas mesas de traballo e outra zona enfocada a traballo de estimulación e motricidade na que hai unha colchoneta alta e tres colchonetas de chan, cada unha destas asignadas a un alumno. No momento da merenda farase uso das mesas de traballo, previa desinfección das superficies e o mesmo ao finalizar esta actividade. No almorzo un alumno comerá na aula, facendo uso dunha das mesas de traballo e seguindo o proceso de desinfección anterior. Na zona do ordenador farase traballo individual con cada alumno, dispoñendo cada un do seu propio pulsador.

Tamén hai un armario con portas no que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso.

O aseo asignado a esta aula será a aula de hixiene, que se sitúa en fronte á mesma. Neste espazo de uso individual para realizar a hixiene precisa polos alumnos hai unha papeleira de tapa para desbotar panos de papel e outra con tapa para os cueiros. Este espazo desinfectarase antes e despois de cada uso individual. O lavado de dentes farase na propia aula.



- **Aula 2.**

Este espazo dispón de aproximadamente 52m², dúas fiestras, unha porta de entrada e outra de comunicación coa aula contigua, ademais dentro da aula existe un lavabo de mans.

Neste espazo traballarán un titor, un auxiliar (compartido coa aula 1) e catro alumnos. Esta aula conforma un grupo estable xunto coa aula 1.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans no lavabo e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunta á porta de entrada e



unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpezaas pertinentes.

Na aula atopamos dúas mesas enfocadas ao traballo cognitivo nas que se situarán dous alumnos en cada unha delas. Ademais hai un sofá de tres prazas dedicado a momentos de relaxación que será utilizado por unha persoa, ou dúas situadas nos extremos do mesmo. Tamén hai un ordenador que se usará para o traballo individual dos alumnos ou do profesor desinfectando tras cada uso.

Tamén hai unha estante na que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso.

O aseo que corresponde a esta aula é o baño da dereita dentro do antigo aseo de mulleres, agora mixto por atoparse mais preto da aula. O lavado de dentes farase na propia aula.

A merenda farase no tempo de descanso no lugar habilitado a tal fin na pista deportiva, desinfectando o mesmo antes e despois do seu uso.

Este grupo de alumnos comerá no comedor habitual nunha quenda diferenciada, polo que no seu só se atoparán dentro do mesmo este grupo estable, previa ventilación e desinfección.



- Aula 3



Esta aula dispón de dous espazos de aproximadamente 50m² comunicados por unha porta entre eles, catro fiestras, dúas en cada espazo, dúas portas de entrada/saída, ademais dentro dun dos espazos existe un lavabo de mans.

Nesta aula traballará un titor, un auxiliar (compartido coa aula 4) e catro alumnos.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans no lavabo e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunto a cada porta de entrada/saída e unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpezaas pertinentes.

Na aula atopamos un espazo dedicado a traballo en mesa con mesas individuais para cada alumno con distancia entre eles. Hai outro espazo dedicado a habilidades de autonomía e alimentación que dispón tamén de mesas individuais onde se realizarán as merendas e as comidas. Este mesmo espazo adicarase a momentos de relaxación con colchonetas e coxíns independentes para cada alumno. Tamén hai un ordenador que se usará para o traballo individual dos alumnos ou do profesor desinfectando tras cada uso.

Tamén hai dous armarios con portas nos que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso. O material funxible será de uso individual e terán un material común que rotará por semanas desinfectándose despois de cada uso.

O aseo que corresponde a esta aula é o baño da esquerda dentro do antigo aseo de mulleres, agora mixto por atoparse mais preto da aula. Ademais un dos alumnos fará uso da aula de hixiene, a cal como se explicou con anterioridade é de uso individual, dispón dunha papeleira con tapa para desbotar os panos con residuos persoais, e se desinfectará antes e despois do uso de cada persoa. O lavado de dentes farase na propia aula.



- Aula 4

As antigas aulas de música e biblioteca, contiguas e comunicadas por unha porta, pasarán agora a ser a aula 4, que dispón de dous espazos de 53m², catro fiestras, dúas en cada espazo, dúas portas de entrada/saída, ademais dentro dun dos espazos existe un lavabo de mans.

Nesta aula traballará un titor, un auxiliar (compartido coa aula 3) e catro alumnos, un deles en educación combinada.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans no lavabo e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunto a unha das portas de entrada/saída e unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpezaas pertinentes.


Na aula atopamos dous espazos diferenciados, pero adicados ao mesmo fin, hai dúas mesas en cada un deles, de maneira que cada alumno ten unha mesa asignada e con distancia dos seus compañeiros.



As merendas realizaranse na súa mesa independente de traballo, desinfectando esta antes e despois da inxesta de comida. En canto ao comedor, farán uso da mesma aula.

Tamén hai dous armarios con portas nos que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso.

O aseo que corresponde a esta aula é o de homes, agora mixto por atoparse mais preto da aula. O lavado de dentes farase neste mesmo aseo.



- Aula 5

Esta aula dispón de dous espazos contiguos e comunicados por unha porta, que dispoñen de dous espazos de 55 m², catro fiestras, dúas en cada espazo, dúas portas de entrada/saída, ademais dentro de cada un dos espazos existe un lavabo de mans.

Nesta aula traballará un titor, un auxiliar e tres alumnos.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans nos lavabos e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunto a cada unha das portas de entrada/saída e unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpeza pertinentes.

Na aula atopamos dous espazos independentes, un dedicado a traballo cognitivo e manipulativo e no outro atopamos unha zona separada fisicamente dedicada á hixiene persoal debido as necesidades das persoas que conforman a aula, ademais hai unha dedicada ao traballo en estimulación, no que atopamos unha colchoneta de grandes dimensións e un puf. A colchoneta será compartida por dúas persoas que se atoparán a 1,5 m de distancia entre elas.

As merendas realizaranse no espazo de traballo cognitivo e cunha mesa independente para cada alumna, desinfectando esta antes e despois da inxesta de comida. En canto ao comedor, farase neste mesmo espazo.

Tamén hai dous armarios con portas nos que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso.



- **Aula 6 e 7**

Estas dúas aulas situaranse no espazo do ximnasio, habilitado para tal fin nesta situación, o cal dispón de 70 m², con tres fiestras, dúas portas de entrada/saída e outra porta que comunica co departamento de fisioterapia, a cal se atopa sempre pechada.

Neste espazo traballarán dous titores, un auxiliar e oito alumnos, dous deles en educación combinada. Esta aula conforma un grupo estable.

O espazo é diáfano, pero distribúese en tres recantos, un de habilidades de autonomía, outro de habilidades motrices e outro de habilidades cognitivas e manipulativas. No recanto de habilidades de autonomía farase a merenda e a comida, coa pertinente desinfección antes e despois de cada uso. Comerán por quendas de 3 en 3 e con mesas independentes con distancia de 2 m entre eles. Os utensilios de hixiene e alimenticios estarán en caixas cerradas e independentes para cada alumno, coa conseguinte desinfección tras cada uso. Cada alumno terá unha caixa con material específico e haberá outra de uso común, os cales se desinfectarán despois de cada uso. Na zona de habilidades motrices, descanso e estimulación terá cada alumno unha colchoneta para uso propio, a cal se desinfectará todos os días á entrada e despois de cada uso. Na aula hai varias papeleiras, unha con tapa para os panos con residuos persoais existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe..

Existe un espazo con dous ordenadores, no recanto da área cognitiva, os cales manipularán as mestras desinfectando os mesmos tras o uso e os alumnos farán uso dos seus pulsadores individuais.

O aseo que usarán estas dúas aulas está ubicado no aseo de homes do módulo do centro de día, onde se fará o lavado de mans e de dentes, por atoparse mais preto da aula de ximnasio, e tamén farán uso

dunha sala de hixiene ubicada neste mesmo módulo e de uso exclusivo para os alumnos da aula. O uso da mesma será individual, desinfectando a mesma antes e despois de cada uso. Nela hai dúas papeleiras con tapa, unha para a fracción resto e outra para os panos con residuos persoais.



- **Aula 8**

Este espazo atópase no módulo de recepción e dispón de 42 m², dúas fiestras, dúas portas de entrada/saída, ademais dentro da aula existe un lavabo de mans.

Neste espazo traballarán un titor, e cinco alumnos.

En canto ao material de hixiene persoal, dentro da aula hai xabón de mans no lavabo e panos desbotables nun dispensador colgado na parede, tamén hai xel hidroalcohólico situado xunta á porta de entrada e unha papeleira de tapa para desbotar os panos de papel, e existen outras papeleiras onde se desbota a fracción resto e outros elementos para reciclaxe. Na aula hai tamén produto desinfectante para facer as limpezas pertinentes.

Na aula atopamos tres mesas enfocadas ao traballo cognitivo nas que se situarán tres alumnos na mesa grande e dous nas outras dúas mesas individuais. Tamén hai un ordenador que se usará para o traballo individual dos alumnos ou do profesor desinfectando tras cada uso.

Tamén hai tres estante, dúas delas con portas con chave, na que se gardarán as pertenzas dos alumnos en caixas individuais. Estes materiais desinfectaranse despois de cada uso. Tamén se gardarán os materiais de uso común, os cales se desinfectarán antes e despois de cada uso dos alumnos.

A merenda farase no tempo de descanso no lugar habilitado a tal fin na pista deportiva, desinfectando o mesmo antes e despois do seu uso.



Este grupo de alumnos comerá no espazo de apartamento, situado no módulo de centro de día da asociación, facendo un uso exclusivo do mesmo, no cal ademais levarán a termo traballos relacionados coas habilidades da vida diaria, limpeza e desinfección.

O aseo que corresponde a esta aula é o baño mixto mais próximo á aula que se atopa no mesmo módulo de recepción, tamén se fará uso do baño do apartamento co fin de traballar as habilidades da vida cotiá.

O lavado de dentes farase no baño do módulo de recepción próximo á aula.



13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

O Ximnasio coa descrición no apartado anterior acolle ás aulas 6 e 7, formando estas un grupo de convivencia estable.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

Todos os espazos de intervención para habilitación funcional e social (fisioterapia, logopedia, psicoloxía, traballo social, terapia ocupacional, sala mutisensorial, piscina terapéutica) dispoñen de xel para desinfección de mans, papeleira con tapa, papel de mans, líquido desinfectante para mobiliario, pomos e materiais e a entrada de cada módulo está colocada unha alfombra para desinfectar o calzado.

15. Tutorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar tutorías coas familias)

Non presenciais: telefónicas ou videoconferencia.

Presenciais: No caso de non poder realizarse tutorías telefónicas ou por videoconferencia:

- Concertar cita e acudir un só membro da familia.
- Respetar e cumprir as normas hixiénicas e de prevención establecidas no centro.
- As reunións leváranse a cabo na aula do alumno/a e deberá sentarse no sitio establecido, para gardar as distancias. É obrigatorio o uso de máscara.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

Familias:

- Notas informativas vía whatsapp
- Grupo whatsapp por cada aula

Persoas externas:

- Teléfono
- A entrada nas instalacións de Aceesca farase a través da zona de control de acceso (desinfeccións mans, pés e toma de temperatura por cámara infrarrojos)

17. Uso da máscara no centro

A máscara utilizarase todo o tempo no recinto escolar e no transporte (O alumnado que poida utilizala). Na aula valorarase a necesidade do uso ininterrompido da máscara, segundo as necesidades de saúde ou conductuais do alumnado.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

- A través da páxina web.
- Grupo aula whatsapp
- Consello escolar
- Correo electrónico ao persoal docente e non docente.



Id.	Medidas de limpeza
19.	Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)
	<ul style="list-style-type: none"> - Desinfección e limpeza polo servizo de limpeza dúas veces na xornada dos baños. - Desinfección despois de cada uso de material, espazos por todo o profesorado de xeito constante.
20.	Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)
	Realización de dúas desinfeccións e limpeza na xornada
21.	Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza
	- Utilización de máscara e carro de limpeza
22.	Cadro de control de limpeza dos aseos
	Rexistro de limpeza dos baños reflexando a hora de realización da limpeza
23.	Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)
	Elaboración de rexistro de tempos de ventilación. Estará colocado en cada aula e o profesor-titor de cada grupo será o encargado de cubri-lo indicando os tempos de ventilación.
24.	Determinación dos espazos para a xestión de residuos
	<ul style="list-style-type: none"> - Todas as aulas disporán de papeleiras con tapa. - Os espazos para cambio de cueiros disporán de papeleiras específicas para cueiros.
Id.	Material de protección
25.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
	A Persoa do Equipo Covid asignado xestionará o rexistro do material relacionado co COVID
26.	Determinación do sistema de compras do material de protección
	- Cada profesional e alumnado traerán a súa propia máscara e material desinfectante individual COVID.



- As compras para repor o material de desinfección e ter máscaras de reposto para incidencias compraranse seguindo a mellor oferta do material axeitado. A persoa do equipo covid asignada xestionará as compras.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

A reposición dos materiais de desinfección son realizados polo persoal de mantemento e o servizo de limpeza.

Id. Xestión dos abrochos

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

Todos os membros da comunidade educativa debe comprometerse a facer, antes de vir ao colexio a ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19 (anexo II)

- Non asistirán ao centro o alumnado, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levárase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa quede ao seu coidado, que será o seu Mestre titor), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chama-rase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa de alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) que se encargará da vixilancia educativa das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

- A familia do alumnado con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que ese avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho

Abrochos: escenarios posibles:

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo o Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar



a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou de ser o caso da totalidade do centro educativo.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

- O modelo proposto establece catro fases:

- Fase 1 (adecuación dos espazos)

- Duración: aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuindo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis dun metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realice de forma graduada.

- Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

- Duración: 1 semana.

- Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Habituar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización de espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Habituar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-COV.2

- Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

- Duración: 1 semana.

- Nesta fase o alumnado continuará formándose e habituándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas.

- Fase 4 (Fase de reactivación).

- Duración: 1 semana.

- Nesta fase xa todos os/as alumnos están habituados ás medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)
------------	--

A persoa coordinadora COVID, que é a Directora. Na súa ausencia a xefa de estudos realizará esta tarefa.

Id. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade

30. Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

As peticións de vulnerabilidade deben ser presentadas á dirección do centro, que lle dará traslado ao departamento correspondente da Consellería de Educación

Id. Medidas de carácter organizativo


31. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

O centro educativo atópase dividido en tres módulos. No módulo principal hai 5 aulas, no módulo de recepción unha aula e no de centro de día outra aula.

As entradas ao centro faranse de maneira escalonada en dous quendas, as aulas 1, 2, 3, 4 e 8 entrarán ás 9.00h da mañá. E as aulas 5, 6 e 7 entrarán ás 9.30h.

Todos os alumnos, excepto dous, veñen nas furgonetas do transporte escolar. As medidas que se toman no mesmo son, ademais da hixiene, a toma de temperatura antes de montar na furgoneta. Os alumnos que veñen cos seus familiares pasarán por unha zona habilitada como zona de control, que se atopa no exterior do módulo de recepción, na cal tomarán a temperatura cunha cámara e limparán as súas mans e zapatos cos produtos desinfectantes. Os acompañantes dos mesmos deberán facer estes mesmos pasos e esperarán neste lugar a que un profesional recolla ao alumno para acudir á aula.

As saídas do centro produciranse tamén de maneira escalonada en dúas quendas, as aulas 1, 2, 3, 4 e 8 sairán ás 16.30h e as aulas 5, 6 e 7 sairán ás 17.00h. Voltarase a facer o mesmo que para subir na furgoneta pola mañá, tomando a temperatura todas as persoas que viaxan na mesma. As persoas que se van á casa cos seus familiares serán recollidos polos mesmos nunha zona habilitada para as recollida.



32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os



	sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)
	<p>A porta de entrada e de saída do centro será a mesma, a medida que se tomará serán as entradas escalonadas.</p> <p>Non se fará uso do elevador, a non ser para o traslado á sala multisensorial, posto que toda as aulas do centro educativo están no mesmo nivel.</p> <p>As aulas teñen unha identificación dunha forma e cor determinada, estas son sinxelas para que poidan ser doado de identificar polo alumnado e o persoal do centros. Se atopan na porta da aula, no aseo e un recordatorio no medio do recorrido. A continuación acláranse as identificacións e os baños asignados a cada aula.</p> <p>Aula 1 : cadrado verde - aula de hixiene.</p> <p>Aula 2: círculo azul – baño da dereita dentro do aseo de mulleres.</p> <p>Aula 3: estrela amarela – aula de Hixiene e baño da esquerda dentro do aseo de mulleres.</p> <p>Aula 4: Triángulo morado – aseo de homes.</p> <p>Aula 5: Frecha negra – aseo adaptado dentro da aula.</p> <p>Aula 6 e 7: Raio Fucsia – Aseo de homes do centro de día e aula de hixiene do centro de día.</p> <p>Aula 8: Corazón vermello – Aseo da dereita do módulo de recepción.</p>
33.	Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)
	Os carteis recordatorios están colocados na entrada do centro, nas portas de cada módulo, no comedor, nas entradas dos baños e recordatorios dentro de cada aula.
34.	Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado
	O alumnado transportado será acompañado polo persoal de transporte ás respectivas aulas
35.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)
	Cada profesor titor é responsable da vixilancia e apoio para os traslados ó transporte.
Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA
36.	Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)
	Non existen actividades previas ao comezo da xornada.
37.	Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)
	As actividades extraescolares levaranse a cabo cos mesmos grupos de convivencia estables establecidos na xornada lectiva.
38.	Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
	<p>As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reunións telemáticas • Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. <p>- Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:</p>



- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar na pista cuberta ou no salón de actos garantindo a distancia e limitando o aforo segundo a normativa vixente.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

Non presenciais: telefónicas ou videoconferencia.

Presenciais: No caso de non poder realizarse titorías telefónicas ou por videoconferencia:

- Concertar cita e acudir un só membro da familia.
- Respectar e cumprir as normas hixiénicas e de prevención establecidas no centro.
- As reunións leváranse a cabo na aula do alumno/a e deberá sentarse no sitio establecido, para gardar as distancias. É obrigatorio o uso de máscara.

40. Normas para a realización de eventos

Os eventos estarán suspendidos temporalmente seguindo a evolución da pandemia.

Id. Medidas para o alumnado transportado

41. Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

A entrada e saída dos vehículos no recinto da Entidade farase de xeito escalonado. As persoas de apoio de cada aula acompañarán de xeito individualizado a cada alumno ao transporte que lle corresponde, no que se fará toma de temperatura. Os vehículos despois de cada percorrido será desinfectado polo condutor de cada transporte.

Id. Medidas de uso do comedor

42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)

As quendas para o uso do comedor faranse cos grupos estables de convivencia, facendo uso dun mesmo espazo, que se desinfectará e ventilará antes e despois da presenza de cada grupo. Dentro de cada espazo designado para comer, os alumnos terán unha ubicación persoal fixa.

As ubicacións serán as seguintes:

Aula 1 e 2: 13.15- 15.00 no comedor pequeno e un dos alumnos comerá na aula por necesidades persoais.

Aula 3: 13.15-15.00 o comedor farase na aula.

Aula 4: 13.30-15.00 o comedor farase na aula.

Aula 5: 13.00-15.00 o comedor farase na aula.

Aula 6 e 7: 13.00-15.00 o comedor farase na aula.

Aula 8: 14.00-15.00 o comedor farase no espazo de apartamento.

43. Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)





Non temos persoal colaborador

44. Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

1 cociñeira
1 axudante cociña
A xestión do comedor é externa.

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos

45. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)

Na pista deportiva asignarase un espazo de uso para cada grupo de convivencia estable e estará dotado de material desinfectante.

Todos os espazos de Aceesca dispoñen de xel desinfectante, líquido desinfectante e panos.

A pista cuberta dispón de portas corredeiras que se abrirán para garantir a ventilación continua. Dentro da pista hai material de uso común (bicicletas, pelotas...) o cal se desinfectará despois de cada uso.

O parque sensorial encontrase o aire libre, e os elementos do parque se desinfectarán despois de cada uso.

46. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

A actividade física farase ao aire libre sempre que o tempo acompañe e na pista cando a previsión meteorolóxica sexa desfavorable, desinfectando sempre os elementos que se usen, despois de cada uso.

47. Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)

Non haberá cambio de aula

48. Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

Non se usarán espazos de uso común. Crearanse recunchos na aula para a realización destas actividades.

49. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

Cada grupo de convivencia estable ten asignado un aseo, polo que convertemos todos os baños a uso mixto.

Id. Medidas especiais para os recreos

50. Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan



	con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)
<p>Aula 1: 11:00-11:10h na pista deportiva</p> <p>Aula 2: 11:00-11:10h na pista deportiva</p> <p>Aula 3 11:15-11:25h na pista deportiva</p> <p>Aula 4: 11:15-11:25h na pista deportiva</p> <p>Aula 5: 11:15-11:30h no parque sensorial sempre que a climatoloxía o permita, en caso de que non, o recreo farase na aula</p> <p>Aula 6: 11:30-11:40h na pista deportiva</p> <p>Aula 7: 11:30-11:40h na pista deportiva</p> <p>Aula 8: 11: 45-12:00 na pista deportiva</p> <p>Cada profesor titor e o persoal non docente asignado a cada grupo estable debe realizar a vixilancia do recreo do seu grupo de referencia.</p>	

51.	Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)
Cada profesor titor e o persoal non docente asignado a cada grupo estable debe realizar a vixilancia do recreo do seu grupo de referencia.	

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

52.	Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)
Establécese un horario individual de uso de baños e sala de hixiene.	

53.	Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)
O tempo de merenda será o destinado ao tempo de recreo.	

Id.	Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
------------	--

54.	Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizárase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)
Non se usarán espazos de uso común	



Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

55. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

Somos un centro de Educación especial. Todas as medidas están adaptadas ás necesidades do noso alumnado e poderán variar en función das mesmas sempre tendo en conta o establecido na normativa vixente.

56. Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

Somos un centro de Educación especial. Todas as medidas están adaptadas ás necesidades do noso alumnado e poderán variar en función das mesmas sempre tendo en conta o establecido na normativa vixente.

Id. Previsións específicas para o profesorado

57. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Presenciais:
Realizaranse na sala de xuntas. (Se o número de persoas é maior ca 10 farase a reunión na pista deportiva.)
Fiestras abertas durante a reunión e ventilación posterior.
Uso obrigatorio de máscara.
Distancia de seguridade
Desinfección do espazo despois da reunión.

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

- As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas:
• Reunións telemáticas
• Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Uso de máscara, distancia de seguridade e medidas de desinfección.
- As reunións do Claustro serán na sala de xuntas. Uso de máscara, distancia de seguridade e medidas de desinfección.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde,



particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19.

Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

60. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

Páxina web

Redes sociais

Notas informativas vía whatsapp

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

Non dispoñemos aulas virtuais

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

O equipo COVID supervisará a evolución do plan de adaptación seguindo a evolución da pandemia, a normativa vixente e as necesidades observadas durante o inicio de curso que puideran xurdir.

63. Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

Páxina web

Enviarase vía whatsapp a todas as familias

Estará colgado no servidor da Entidade, na Área de Infancia e Xuventude.